SERVIZO ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
SECCIÓN SERVIZOS SOCIAIS

Directrices para a cesión da exposición "Mulleres no medievo galego" en interiores

1.- Obxecto

Deixar expreso o procedemento interno para a tramitación das solicitudes recibidas para a cesión da exposición "Mulleres no medievo galego".

2. Descrición da exposición

A exposición "Mulleres do medievo galego" para interiores consta de 21 paneis, o primeiro introdutorio e o resto son dez láminas ilustradas e os 10 respectivos textos.

As protagonistas son dez mulleres da nosa historia elixidas para as ilustracións: Dona Urraca, María Castaña, Lupe Pérez de Traba, Inés de Castro, Maior Guntroda Rodríguez, Aldonça I e Sancha II , Ilduara Eriz, Sancha I ,Tareixa de León e María Peres, A Balteira.

As ilustracións están feitas por 5 ilustradoras galegas; Iria Fafián, Laura Romero, María Montes, Minia Regos e Nuria Díaz.

Os paneis son de capatex de 5 milímetros con canto automontable de 2 milímetros pregado en todo el perímetro, gráfica impresa directa a color 1 cara mas canto perimetral, medida: 80*60 e con presentación traseira para colgar. Como referencia, dado o número e dimensión dos paneis, a exposición ocuparía 20 metros lineais.

Os paneis van arquivados en 2 caixas de polipropileno celular, con asa de transporte fácil.

Exemplo de paneis:

Formato portátil da exposición para interiores:

3.-**Bases da cesión:**
https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2023/11/21/2023_0000009219.html

4.-Directrices de entrega e devolución

4.1 Revisión da documentación recibida na sección por orden de chegada. Se está incompleta requirirase a documentación.

4.2 Comprobación na sección do calendario para asignar datas. Se coincide a petición con datas ocupadas, solicitarase por mail no prazo de 2-3 días laborais que trasládense novas datas, mantendo a prioridade na solicitude por ese período.

4.3 Trasladarase a resolución de cesión ou denegación por parte da sección por mail a entidade solicitante e acordarase un dia de entrega da mesma.
A entrega farase en horario laboral de 9 a 14.30h segundo o acordado, no Pazo Provincial sito na Avenida do Porto da Coruña s/n 15003 A Coruña.
Darase aviso a seguridade para que desde a sección acompáñese por persoal da sección a recollela á planta terceira.
A persoa encargada de vir recoller a exposición firmará a súa entrega.

Lémbrase que a cesión da exposición supón o compromiso por parte das entidades de facerse cargo da xestión e custe do traslado e transporte da mesma. Así como da vixilancia e seguridade. Engadindo a reposición dalgunha lámina no caso de que exista algún desperfecto. A entidade organizadora comprométese a substituíla coas mesmas características técnicas coas que está producida.

4.4 Para a devolución, levarase a cabo o mesmo procedemento que para a entrega.

No caso de necesitar sustituir algún panel a entidade porase en contacto coa sección para coñecer as características técnicas da mesma e proceder a súa produción.

No caso de que o desperfecto detéctese por parte da sección, informarase por escrito á entidade e darase un prazo dunha semana para repoñela.